



CONCELLO DA LAMA
DEPARTAMENTO DE
URBANISMO

OB-003

LICENZA DE
PARCELAMENTO

Selo do rexistro

1.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Nome e apelidos/Razón social:..... NIF/DNI/NIE:.....
Nome e apelidos do representante: NIF/DNI/NIE:.....
Dirección de notificación:..... Código Postal:.....
Localidade:..... Provincia:..... Teléfono:.....
Correo electrónico:.....

2.LOCALIZACIÓN DA PARCELA OU EDIFICACIÓN

Localización:..... Código Postal:.....
Referencia Catastral:.....

3.FINCA A PARCELAR

Superficie da finca a parcelar:.....m2 N° de parcelas edificables resultantes:.....

DECLARA BAIXO A SUA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que e certo o que manifesta, e , en todo caso,:

- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso
- Que achega toda a documentación preceptiva.

AUTORIZA, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración a comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

A Lama.....de.....de 20.....

Sinatura do solicitante

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

1. DOCUMENTACIÓN XERAL

Datos identificativos do solicitante:

- Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
- Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación e Escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

Documento de Autoliquidación da taxa correspondente

2. OUTRA DOCUMENTACIÓN

- Escritura pública de propiedade do terreo. Dita escritura achegarase inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral. Presuposto desglosado da obra ou actuación a realizar.
- Reportaxe fotográfica do soar ou da edificación, subscrita pola persoa solicitante e polo técnico redactor do proxecto.
- No caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: Declaración responsable (ou certificado colexial) do técnico competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
- Proxecto técnico de parcelamento** (3 copias), redactado por técnico competente que incluirá o seguinte contido mínimo:
 - Memoria na que se describa a finca a parcelar, coa súa referencia catastral; se xustifique o parcelamento e se describan as parcelas resultantes con expresión das súas superficies, lindeiros e localización. Ademais incluirá a descrición das edificacións existentes na parcela, cas superficies construídas e o cálculo da edificabilidade consumida.
 - Memoria urbanística na que se xustifique o axuste do parcelamento ao planeamento vixente e a condición de edificable das fincas resultantes.
 - Plano de situación da cartografía oficial a escala non inferior a 1:2000
 - Plano de topográfico da parcela orixinal, a escala adecuada (mínimo 1:500), indicando os seus lindeiros e as construcións existentes.
 - Plano de deslinde acoutado da parcela orixinal, a escala adecuada (mínimo 1:500), no que se reflecta a aliñación oficial, cos mesmos parámetros con que foi fixada polos servizos técnicos municipais e se delimite a parcela (ou parcelas) fóra da aliñación e que serán obxecto de cesión, indicando a súa superficie.
 - Plano acoutado de parcelamento a mesma escala, indicando a superficie e lindeiros das fincas resultantes, así como as construción existentes.
 - Ficha individualizada de cada parcela resultante co seguinte contido:
 - Situación da finca, indicando se está ou non edificada.
 - Plano a escala non menor de 1:500, con expresión dos seus lindeiros acoutados e determinación xeométrica necesaria para a súa correcta e inequívoca identificación e trazado.
 - Clase e categoría do solo en que se acha enclavada.
 - Uso do solo, altura, volume e situación da edificación, ocupación máxima da parcela e o aproveitamento do subsolo